

PEPE ÁLVAREZ PARTICIPA ESTE LUNS NUNHA ASEMBLEA DE AFILIADOS E AFILIADAS NA CORUÑA

O vindeiro luns, día 19 de xuño, UGT organiza na Coruña unha asemblea de afiliados e afiliadas no Auditorio Fórum Metropolitano, emprazado na Rúa Río Monelos, na que intervirán o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, xunto cos secretarios xerais de UGT-Coruña-Cee e UGT-Galicia, Ángel Iglesias e José Antonio Gómez, respectivamente.

Neste acto farase unha análise da situación actual, realízase un balance da lexislatura que remata, dos acordos no marco do diálogo social, así como o recente AENC. Esta asemblea ten lugar nun momento moi significativo, cunhas eleccións municipais e autonómicas celebradas recentemente e ás portas dunhas eleccións xerais e todo isto con moitos retos no eido económico, social e laboral por diante.

**ASEMBLEA
DE AFILIADAS E AFILIADOS**

**19 XUÑO
11:00 HORAS**

**AUDITORIO FORUM
METROPOLITANO**
Rúa Río Monelos, 1; A Coruña

PEPE ÁLVAREZ
SECRETARIO XERAL DE UGT

UGT  

As marxes empresariais seguen contribuíndo a manter unha elevada inflación

Redacción.- Os datos do IPC de maio, publicado polo INE, sitúan a inflación anual nun 3,2%, 9 décimas menos que en abril. Continúa así a desescalada do nivel xeral de prezos como consecuencia da moderación paulatina dos mercados enerxéticos. Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente estrutural, diminúe en menor proporción, 5 décimas menos respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 6,1%. A pesar deste descenso, séguese rexistrando cotas elevadas debido á alza persistente do prezo dos alimentos. Así, neste mes destaca o incremento anual de produtos básicos como o azucre (46,3%), a manteiga (25,2%), o aceite de oliva (24,7%) ou o leite (23,6%).

Isto demostra como parte do tecido em-

presarial segue mantendo unhas marxes de beneficio elevadas, aproveitando a falta de competencia e o poder de mercado nalgúns sectores para fixar prezos desorbitados, como vimos denunciando desde UGT. Así o alertaron tamén institucións como o BCE ou o Banco de España, sumándose recentemente a esta a lista a OCDE, que no informe semestral sobre perspectivas económicas sinalaba a España como o país onde máis contribuíron as marxes empresariais ao incremento da inflación.

Por iso, é necesario tomar medidas que poñan tope aos cuantiosos beneficios rexistrados por algunhas empresas que están tensionando os prezos, reequilibrando así o custo da crise inflacionista, que ata o de agora recaeu, case na súa totalidade, sobre os traba-

lladores. O anunciado Observatorio de marxes empresariais deberá converterse nunha ferramenta útil para achegar transparencia sobre o comportamento das empresas na formación de prezos, facilitando con iso o deseño de políticas públicas que atallen con eficacia os brotes inflacionistas e promovan unha mellor distribución da renda. As subidas salariais no que levamos de ano (3,3% de media) seguen situándose por baixo da inflación media (4,5%). É necesario trasladar os incrementos acordados no novo AENC 2023-2025 aos convenios colectivos pendentes de firma, que para este exercicio establece un aumento do 4% con cláusula de revisión dun 1% adicional, protexendo así o poder adquisitivo das familias traballadoras e contribuíndo con iso ao reforzamento do consumo e a senda de crecemento económico no noso país.

PRIMEIRA XORNADA DE FOLGA NO METAL DE PONTEVEDRA POR UN CONVENIO DIGNO PARA O SECTOR

Redacción.- Dentro do calendario de mobilizacións acordado por UGT FICA, xunto con CCOO e CIG, para demandar un convenio digno para o sector, con máis de 30.000 traballadores, e denunciar a pasividade da patronal na negociación do novo texto, tivo lugar este xoves a primeira xornada de folga cun seguimento masivo. Esta xornada de folga acompañouse dunha manifestación que saíu da área dos estalerios para rematar no centro de Vigo.

Se non se chega a un acordo antes, a seguinte xornada de folga será o día 20 á que lle seguirá unha o día 22.

A día de hoxe, a oferta da patronal pasa por un incremento de tan só un 4,5% para tres anos sen cláusula de revisión salarial. Oferta, claramente insuficiente.

Ademais, propoñen outras medidas re-

gresivas que os sindicatos non van aceptar, como reducir o número de días por nacemento de fillos, conxelar, introducir ás ETT no sector, limitar as vacacións ou deixar fóra á categoría do grupo 1 na revisión de salarios.

Rubén Pérez (UGT-FICA) amosa o seu rexeitamento frontal a esta proposta e aposta porque o convenio da provincia sexa un convenio de referencia e non un convenio á baixa. Isto pasa por unha cláusula de revisión salarial, garantir a subrogación entre empresas privadas ou reducir a xornada anual. Pérez criticou duramente a actitude dunha patronal inmovilista que está a ralentizar a negocia-



ción e considera que este convenio debería estar pechado antes do verán.

Este martes tivo lugar unha nova xuntanza na que, de novo, a patronal amosou a súa actitude inmovilista e a súa intención de dilatar o proceso.

FOLGA INDEFINIDA DOS BOMBEIROS COMARCAIS DE TODA GALICIA

Redacción.- Bombeiros comarcais de toda Galicia comezaron este xoves a folga indefinida convocada por UGT, xunto aos outros sindicatos, a poucos días do comezo oficial do verán. Primeiro, solicitan que se cumpra unha sentenza do Tribunal Supremo de 2022 para a conversión a persoal laboral fixo dos efectivos e, segundo, demandan un convenio digno.

A semana pasada celebrouse unha asemblea con máis de 200 bombeiros no edificio Cersia, en Santiago, na que votaron por unanimidade a man alzada a proposta de ir á folga. Están convocados uns 500 bombeiros de 25 parques comarcais que se dedican a incendios urbanos, accidentes ou apoio en lumes forestais de interface.

A decisión está motivada polo parón na negociación dos convenios da Coruña, Pontevedra e Lugo e polo incumprimento da sentenza do Supremo.

As administracións implicadas na negociación destes convenios pretendían a renuncia, por parte dos traballadores a determinados dereitos a cambio da aplicar a sentenza do Supremo.

A folga, segundo aclararon dende UGT Servizos Públicos, consiste en limitarse a traballar cada un dos efectivos na súa quenda, sen cubrir outras



demandas. Isto, de feito, provocou xa nos últimos días, porque lembrar que en Pontevedra xa se viña facendo esta folga dende hai meses, peches de centros nesta comarca pola negativa dos traballadores a facer horas extraordinarias.

OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DO AVELINO MONTERO MOBILÍZANSE POLA DEFENSA DOS SEUS EMPREGOS

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do Avelino Montero de Pontevedra mobilizáronse o pasado martes ás portas do centro en defensa dos seus empregos e para denunciar unha posible privatización encuberta do mesmo. As alarmas saltaron ante a presentación por parte da Consellería de Política Social dunha proposta de eliminación de catro postos de educador e educadora.

Dende UGT-Pontevedra manifestan o seu temor a que detrás de todo isto, tras a

remodelación, exista un interese privatizador. O secretario xeral de UGT-Pontevedra afirma que a dotación económica que debería cubrir estas catro prazas está a destinarse a dous equipos multidisciplinares con sede en Vigo nos que se elimina a figura do educador.

Vidal sinala que actualmente o número de menores que utilizan o centro son seis pero, cando as obras finalicen, a capacidade total deste espazo de réxime aberto destinado a menores que deben cumprir



medidas xudiciais elevarase a 30. Por este motivo, considera que é necesario que se realicen novos contratos de persoal educador.

PRIMEIRA XORNADA DE FOLGA EN ABAI CONTRA O ERTE PROPOSTO POLA EMPRESA

Redacción.- Abai Business Solutions, S.A.U. propón un ERTE que afectaría a 341 traballadoras e traballadores en todo o Estado, 70 no centro da Coruña.

Abai é unha empresa de telemarketing que ofrece servizo a grandes compañías como Movistar, Taxdown, Inditex ou administracións públicas como foi o caso da Xunta de Galicia que lle adxudicou un contrato millonario polo servizo de rastrexo do Covid-19.

Este ERTE supón un paso máis na estratexia que ten en marcha a dirección que consiste en precarizar aínda máis as condicións laborais e arrebatarse os dereitos adquiridos.

O Comité de empresa do centro da Coruña opónse frontalmente a este ERTE co que se pretende mandar ao desemprego durante 12 meses prorrogables ás persoas afectadas, o que conleva un grave prexuízo económico. Este Comité considera totalmente inxustificada o ERTE nunha empresa que presume publicamente de millonarios beneficios.

Este martes, os traballadores e traballadoras da empresa xa protagonizaron a primeira xornada de folga de 24 horas



á que lle seguirá outra o día 19. Tamén convocaron unha mobilización que rematou cunha concentración fronte ao centro de traballo.

UGT ENSINO CRITICA A PROPOSTA QUE FAI A XUNTA SOBRE A FIGURA DO COORDINADOR DE BENESTAR E CONVIVENCIA

Redacción.- Na última Mesa sectorial celebrada o día 13 de xuño a Administración presentou un documento de proxecto de Orde pola que se establece a figura da “persoa coordinadora de benestar e convivencia” nos centros docentes de Galicia.

Dende UGT manifestamos que o documento presentado parece un mero trámite para cumprir coa lei pero sen ningunha convicción por parte da administración de que sexa unha figura necesaria nos centros. Só desta maneira se pode entender a miserenta infradotación que se propón a todos os niveis.

No que respecta ó horario, esta figura conleva un incremento importante da carga de traballo en contraposición cunha “posible” asignación de ata dúas sesións das complementarias fixas. Un listado de 11 funcións que terán que desenvolver, funcións que a Consellería considera que non precisan de máis de dúas horas de dedicación.

O argumentario que se nos presenta na Mesa é que este labor se viña facendo dende sempre coas figuras de orientador/a e xefe/a de estudos.

Unha vez máis, a Administración segue sen valorar o esforzo e as horas de dedicación a maiores por parte

do profesorado en todas as tarefas que se van engadindo a custe cero.

UGT denuncia que estas sesións deberían ser un mínimo obrigatorio e dentro do horario lectivo, igual que se fai para outras coordinacións. Ademais outras comunidades autónomas xa se adiantaron cunha liberación de 3 sesións dentro do horario lectivo. Liberación que, mesmo así, é insuficiente.

En canto á compensación económica, seguen os sen sentidos. Ofrecen o complemento correspondente á titoría e outras actividades. Sábese perfectamente que ese complemento xa o vén percibindo case o 100% do profesorado por outras funcións. Ir engadindo funcións non engade euros, polo tanto continúa co importante para a Consellería: o custe cero á conta do esforzo dos docentes.

Dende UGT pídesse que sexa unha remuneración dun complemento específico a maiores e non o dunha titoría porque, ademais, os dous complementos poderían coincidir, polo que sería un dobre complemento.

Estes despropósitos provocarán unha difícil designación do persoal para cumprir con esta figura. Recae así nas direccións dos centros unha nova obriga para escoller, moi probablemente sen voluntarios.

O sector do ensino privado de 0 a 3 anos demanda un convenio digno e comeza as mobilizacións

Redacción.- UGT, xunto con CCOO, CIG, SNEP e USO denuncian o inmobiliismo da patronal dos centros de educación infantil de 0 a 3 anos á hora de negociar o convenio colectivo. Situación que obriga á convocatoria de mobilizacións na segunda quincena do mes de xuño.

As negociacións iniciáronse hai máis dun ano e con máis de nove reunións nas que a patronal non amosan vontade de chegar a ningún acordo que lle permita ás traballadoras e traballadores do sector recuperar o poder adquisitivo perdido e gozar de salarios xustos.

A día de hoxe son moitos os salarios do sector que se atopan por debaixo do SMI. Xa no seu momento a patronal causoulles un grave prexuízo ás traballadoras e traballadores do sector ao impedir asinar unhas táboas salariais vinculadas ao pregos de condicións dos últimos concursos públicos. O que os priva dunha remuneración xusta. Para denunciar esta situación, os sindicatos convocaron mobilizacións o día 22 ás 20 horas en Vigo, fronte ao Marco, e na Coruña, no Obelisco. E o 27 as concentracións trasladaranse ás portas das escolas infantís. O día 29 está convocada unha xornada de folga para todo o sector, tanto as escolas privadas como as de xestión indirecta e haberá unha manifestación en Santiago.

A LUÍS TILVE PARTICIPA NA HOMENAXE ÁS VÍTIMAS DO FRANQUISMO DO PARLAMENTO GALEGO

Redacción.- O mércores 7 de xuño a Fundación Luís Tilve, xunto a outras fundacións e asociacións do movemento memorialista, participou na homenaxe que o Parlamento Galego fixo a Alexandre Bóveda e ás vítimas do franquismo.

Un acto no que o obxectivo foi reafirmar o compromiso coa democracia e loitar contra o manto de silencio imposto durante décadas ás vítimas da represión, cuxas historias son “os fíos necesarios para tecer o tapiz da dignidade”, como dixo a historiadora Aurora Marco, que foi a persoa elixida polas fundacións e asociacións da Memoria para intervir no seu nome, reivindicando no seu discurso a necesidade de recordar, xa que o esquecemento supón unha segunda morte que deixa ós homes e mulleres de diferente tendencia política que defenderon o réxime republicano legalmente constituído e violentado polas armas no golpe de Estado de 1936, “baixo o groso

manto da ocultación”, polo que pediu políticas públicas de Memoria Histórica centradas na liberdade, a xustiza e a reparación”, así como un maior apoio do Goberno galego ás entidades memorialistas, a creación dunha rede de lugares da Memoria con simboloxía común, que a illa de San Simón volva a ser “a Illa da Memoria”, con actividades centradas nesta temática, como fan outros países cos lugares de represión nazi, e que se traslade esta historia ás aulas para “que non se lles robe a Memoria ós máis mozos”.

No acto tamén falou a filla de Bó-



veda, Amalia, que celebrou que o evento se fixera no Parlamento, institución onde reside a democracia pola que loitaron e traballaron os homenaxeados, incluso dando as súas vidas. A cerimonia rematou coa descuberta nos xardíns do Parlamento dunha escultura realizada por Cándido Pazos titulada “Concordia, paz e liberdade”.

ASINADO O ACORDO SOBRE O ESTATUTO DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Redacción.- UGT, CCOO e o Goberno asinaron este xoves no Ministerio de Traballo o Acordo de Estatuto das persoas en Formación Práctica Non Laboral nas Empresas, coñecido como o Estatuto de Bolseiro. Tras o acto de firma, Pepe Álvarez e Eduardo Magaldi, portavoz de RUGE, fixeron declaracións.

Que dereitos teñen as persoas bolseiras e outras preguntas sobre o Estatuto do Bolseiro

1) Que regula o Estatuto do Bolseiro (Estatuto para as persoas en formación práctica non laboral no ámbito da empresa)?

A nova norma tenta acabar coa fraude das persoas bolseiras e obriga ás empresas a desenvolver un acordo onde se detallen o contido e as condicións das prácticas formativas.

2) Que novidades e dereitos inclúe este acordo?

Recóllense novos dereitos como a compensación de gastos (desprazamento, aloxamento, manutención...), gozar de días de vacacións e festivos, dereito a ausentarse para acudir ao médico sen que isto inflúa na avaliación, posibilidade de utilizar todos os servizos da empresa como o aparcamento, comedor, entre outros.

3) Recibirei algún tipo de axuda ou com-

pensación durante as miñas prácticas?

Si, prevese unha compensación de gastos por parte da empresa para as persoas bolseiras nos termos previstos no correspondente convenio ou acordo de cooperación, e sempre por unha contía mínima suficiente para compensar os gastos derivados da devandita formación, tales como; desprazamento, aloxamento ou manutención.

4) As persoas bolseiras cotizarán os períodos de prácticas nas empresas?

Si, as persoas bolseiras cotizan á Seguridade Social durante os períodos de prácticas. Ademais, a cobranza da prestación e o subsidio por desemprego serán compatibles coa inclusión no Sistema de Seguridade Social das persoas bolseiras.

5) Que pasa se me obrigan a realizar tarefas propias dunha persoa traballadora contratada na empresa?

As persoas bolseiras non poden substituír en ningún caso a ningún traballador da empresa. Se isto ocorre, a empresa estaría a incurrir en fraude de lei e podería ser denunciada e sancionada.

6) Existe un límite máximo de horas de prácticas a realizar?

O novo Estatuto do Bolseiro establece límites no número de prácticas que se poden realizar. No caso das curriculares, non poderá su-

perar o 25% dos créditos da titulación e no caso das extracurriculares, non poderá superar o 15% nin as 480 horas.

7) Cantas persoas, como máximo, poden realizar prácticas á vez nunha mesma empresa?

As persoas bolseiras terán dereito a que se lles asigne un titor no centro de traballo e este non poderá ter ao seu cargo a máis de 5 alumnos de forma simultánea e un máximo de 3, se a empresa é de menos de 30 traballadores. En ningún caso, as persoas bolseiras poderán superar o 20% do persoal total do centro de traballo. Ademais, as empresas deberán ter en conta un equilibrio entre homes e mulleres á hora de contratar bolseiros.

8) Que pasa coas prácticas que estean en curso cando se aprobe o Estatuto?

Os acordos subscritos con anterioridade a esta norma, seguirán vixentes nas condicións nas que se asinaron ata o 31 de decembro de 2023.

9) A quen pode acudir se teño algún problema coas miñas prácticas?

Se detectases algunha anomalía no cumprimento dos acordos ou tiveses algún problema nas túas prácticas podes comunicalo á representación legal dos traballadores, á Inspección de Traballo e ao responsable do centro educativo.

O BCE SEGUE TENSIONANDO A ECONOMÍA E AFOGANDO AOS FOGARES ESPAÑOIS

Redacción.- Xusto despois do freo á subida de tipos de interese que se coñeceu por parte da Reserva Federal de Estados Unidos, tras dez aumentos consecutivos en 15 meses, o Banco Central Europeo (BCE) distánciase e anuncia que sobe os tipos outro cuarto de punto ata situar o tipo xeral nun 4%, o máis alto establecido desde a crise financeira e achegándose perigosamente ao 4,25% presente durante o período previo ao estalido da crise de 2008.

Este anuncio, que segue aos outros 7 anteriores con subidas constantes de tipos, supón unha mala noticia para a clase traballadora e a economía en xeral do noso país. En primeiro lugar, porque existe un erro de concepto, e é que o excepcional período inflacionario que atravesamos a conxuntura actual non ten que ver cun “sobrecalentamento” das economías europeas debido a unha excesiva demanda. As causas sitúanse na oferta, e na capacidade de moitas empresas de sectores diversos para trasladar os custos aos consumidores. Nes-

tas circunstancias, se non se establecen mecanismos de control desa translación de custos ou expansión de marxes, o efecto da contracción monetaria será moi limitado.

Así, o fundamentalismo monetario do BCE non só non supón unha resposta eficaz a unha crise inflacionista impulsada polos beneficios empresariais, senón que está a poñer en perigo o benestar da cidadanía europea, alimentando os riscos dunha nova crise económica e social.

Á presión inflacionaria súmanselle restricións financeiras crecentes, que ameazan con estreitar aínda máis os ingresos reais dos fogares, moi danados tras a Gran Recesión e a pandemia. Ata o de agora, a alza de prezos reducira de maneira moi importante a capacidade de compra dos fogares con respecto a anos anteriores. A resposta de política monetaria ensaiada polo BCE engade un risco adicional. O encarecemento das condicións de financiamento terminará afectando máis á actividade econó-

mica e repercutirá negativamente na creación de emprego.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores rexeita, en consecuencia, o endurecemento da política monetaria seguida polo BCE, que non ataca as causas efectivas da inflación, favorece un comportamento perverso da banca e prexudica o crecemento económico e a calidade de vida da maioría das persoas.

Nos beneficios extraordinarios das grandes empresas atópase a verdadeira causa da actual espiral inflacionaria. Non é xusto, pero tampouco eficaz ou eficiente, afogar a demanda para tratar, infructuosamente, de resolver as estreitez de oferta inducidas polo comportamento especulativo das grandes empresas dos sectores estratéxicos. O BCE debe estar á altura do momento actual, rectificando o rumbo da súa política monetaria e empezando a traballar de acordo ao interese xeral dos traballadores e as traballadoras europeas.

UGT RECLAMA O REFORZAMENTO DA INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL E ESIXE O CUMPRIMENTO DO COMPROMISO DA SÚA MODERNIZACIÓN

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores manifesta a súa preocupación pola situación de bloqueo en que se atopa o proceso de reforzamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, co obxectivo de dotalo dunha organización máis eficaz, e lembra que modernizar a Inspección de Traballo e Seguridade Social constitúe un compromiso incluído no Plan Estratégico da institución para o período 2021-2023

UGT lembra que este Plan Estratégico, que se atopa nos últimos meses do seu período de execución, foi aprobado polo Consello de Ministros o 16 de novembro de 2021, e contou co apoio das organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas. En consecuencia, a súa completa execución é, non só un compromiso coa institución, senón coas organizacións que, como UGT, impulsaron a súa aprobación.

Ao longo desta lexislatura abordáronse no diálogo social, e aprobáronse posteriormente, normas xurídicas relevantes para mellorar os dereitos das persoas traballadoras: a reforma laboral, a Lei de traballo a distancia, a Lei Rider ou

o novo réxime xurídico das empregadas de fogar, por citar algunhas relevantes, polo que se fai imprescindible consolidar unha Inspección de Traballo que protexa ás persoas traballadoras asegurando a aplicación efectiva da lexislación.

Para UGT, a Inspección de Traballo e Seguridade Social constitúe un instrumento esencial para garantir o cumprimento da lei e para protexer os dereitos que as normas da orde social confiren ás persoas traballadoras. Sen unha Inspección forte, os avances sociais conseguidos veríanse seriamente comprometidos.

Desde UGT vimos reclamando desde hai moito tempo que fai falta máis persoal e medios na Inspección, somos conscientes de que iso xa non é suficiente. Temos un mercado de traballo cada vez máis complexo, que expón



importantes retos para a clase traballadora e para a sociedade no seu conxunto. Para que a Inspección de Traballo e Seguridade Social poida cumprir co seu labor e facer fronte aos mesmos de maneira eficaz, é necesario o seu reforzamento e actualización. Por iso, o sindicato demanda que se cumpra sen máis demora co compromiso de reforzo e modernización da Inspección de Traballo e Seguridade Social, pois o seu fortalecemento o será tamén o dos dereitos das persoas traballadoras.